



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

<b>Expediente</b>	3835/2024
<b>Asunto</b>	Proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Profesor/a Música, recollida na oferta de emprego público extraordinaria 2022.
<b>Unidade Xestora</b>	320 Recursos Humanos e Promoción Económica.
<b>Trámite</b>	Listaxe definitivo de admitidos/as, excluídos/as e nomeamento de Tribunal dunha praza de Profesor/a Música.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

1. Por resolución da alcaldía (R.A.) núm. 2022-1870 do 21.12.2022 apróbanse as bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu, para os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022 (CSV: 9D3SZKE4FQ4FAHZN6WMGPLLPL).
2. As bases e convocatoria dos procesos selectivos de referencia foron publicados no BOP núm. 245 de do 26.12.2022.
3. Por R.A. núm. 2022-1902 do 27.12.2022, publicada no BOP núm. 249 do 30.12.2022, corríronse erros da R.A. núm. 2022-1870 (CSV: 7T9NEDZTJDXGKZDKWTD6D7Z4L).
4. Por R.A. núm. 2023-0050 do 16.01.2023, publicada no BOP núm. 13 do 19.01.2023, corríronse erros da R.A. 2022-1902 (CSV: 5QWRNLEQZCTCXM7Y4FEC47MCX).
5. No BOE núm. 55 do 06.03.2023 publicouse o anuncio da convocatoria para a cobertura de varias prazas no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu concedéndose un prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes dende o día seguinte á publicación do dito anuncio.
6. Por R.A. núm. 2024-1854 do 22.11.2024, publicado no BOP núm. 231 do 27.11.2024, corríronse erros da R.A. núm. 2022-1870 (CSV: 7QMG737ZWAJTPAKSYLSYJAND9).
7. Por R.A. núm. 2024-1930 do 03.12.2024 publicouse no taboleiro e na sede a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as para a praza de Profesor de Música (CSV: 6X75H5WL7DADKY4SDTT959RWH).
8. O 11.12.2024 co 2024-E-RC-7080 a aspirante provisionalmente excluída Rosa María Cerviño Loira presenta alegación indicando, en esencia: que ten aportada toda a documentación en tempo e forma; que é persoal laboral indefinido con antigüidade de máis de 30 anos exercendo coa titulación de grao elemental de música; que foi recoñecida indefinida por sentenza núm. 00084/2011, do 18 de abril de 2011 do Xulgado social núm. 4 de Pontevedra categoría A2; que o concello non lle requiriu con anterioridade outra titulación a traballadora para o exercicio do posto nin recorreu a citada sentenza; e que non pode ser motivo de exclusión non ter presentado o Celga.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

9. O 18.12.2024 co 2024-E-RE-4756 o aspirante provisionalmente excluído Guillermo Collazo Cortegoso presenta alegación indicando, que solicita a súa inclusión no proceso tras abonar (segundo acredita) a taxa diferencial do mesmo.

10. O 18.12.2024 co 2024-E-RE 4760 o aspirante provisionalmente excluído Rodrigo Portela Santaclara presenta alegación indicando, que solicita admisión no proceso tras abonar (segundo acredita) a taxa diferencial do mesmo.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A normativa de aplicación ao procedemento administrativo é a seguinte:

1. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP).
2. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
4. Real decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
6. Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014)
7. Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014).
8. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxente para a redución da temporalidade no emprego público.
9. Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu, para todos os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022.

No prazo de emenda outorgado pola R.A. núm. 2024-1930 do 03.12.2024, presentou alegacións Rosa María Cerviño Loira. Respecto destas compre considerar:

- Que a aspirante non é excluída por non presentar o Celga 4, senón que a súa falta de achega se sinala como “observación”, porque o artigo 51 da LEPG esixe un requisito lingüístico para acceder á función pública. Tal e como ocorreu no resto de procesos de estabilización no Concello de Bueu, consonte ás bases xerais e específicas, de non ter o Celga 4 tería que realizar unha proba de coñecemento, máis non quedaría excluída. Logo a súa alegación ao respecto debe desbotarse porque non é certa.

- Que consonte á base 3.e) das xerais e 3.a) das específicas, para concorrer ao proceso as persoas aspirantes teñen que “a) Estar en posesión dun título de licenciatura, grao ou diplomatura no caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación” e, para iso, consonte á base 4.1.b) das bases xerais deberán achegar “fotocopia do título esixido ou documento acreditativo de abono das taxas para a expedición do mesmo”.

Así pois a súa alegación debe desbotarse porque non achega o título (ou documento que o substitúa) esixido para concorrer, polo que non cumpre cun dos requisitos necesarios para acceder á función pública, segundo dispoñen os artigos 56.1.e) do TREBEP e 50.1.b) da LEPG, así como as propias bases xerais e específicas indicadas.

Que sexa persoal indefinido por sentenza e durante os anos que for non lle fora requirido posuír/acreditar posuír unha titulación, non desvirtúa a necesidade de cumprir tal requisito para acceder agora á función pública na condición de persoal laboral fixo por





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

superar o proceso de estabilización. Do contrario, de permitirlle acceder á función pública concorrendo co resto de persoas aspirantes a pesar de non posuír o título esixible, estarían a contravirse: a normativa estatal e autonómica sinaladas; as propias bases xerais e específicas que non recorreu e, con iso ao presentarse, aceptou na súa totalidade e agora pretendería obviar actuando contra os seus propios actos; e o dereito fundamental de acceso á función pública cos requisitos que sinale a lei en condicións de igualdade (art. 23.2 da Constitución Española).

En consecuencia, debe manterse como aspirante excluída.

No prazo de emenda outorgado pola R.A. núm. 2024-1930 do 03.12.2024, tamén presentaron alegacións Guillermo Collazo Cortegoso e Rodrigo Portela Santaclara.

Respecto destas faise notar que de oficio se advertiu unha discrepancia entre as bases xerais e específicas do procedemento, que daba lugar a erros na interpretación das persoas aspirantes sobre a categoría do posto a estabilizar e, con iso, sobre a contía da taxa a abonar. O erro foi corrixido coa R.A. núm. 2024-1854 e na súa virtude, no resto de procesos e tamén no que agora nos ocupa, tense por emendada a causa de exclusión se no prazo outorgado ao efecto se abona a diferenza de taxa esixible. Tanto Guillermo Collazo Cortegoso como Rodrigo Portela Santaclara abonaron tal diferenza e por tanto, deben estimarse as súas alegacións e seren admitidos ao proceso.

Polo anterior, consonte á base 5ª das Bases reguladoras e de acordo coas facultades atribuídas á alcaldía polo artigo 21.1 da LRBRL e 61 da LALGA, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar a alegación de Rosa María Cerviño Loira, consonte ás bases 3.e) das xerais, 3.a) das específicas e 4.1.b) das xerais, por non estar en posesión e/ou non acreditar en forma e prazo estar en posesión, do título esixido para concorrer ao proceso; e, en consecuencia, declárala definitivamente excluída neste.

**SEGUNDO.-** Estimar as alegacións de Guillermo Collazo Cortegoso e Rodrigo Portela Santaclara por abonar en prazo a taxa diferencial xerada para cada un; e, en consecuencia, decláralos definitivamente admitidos no proceso.

**TERCEIRO.-** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Profesor de música, incluída na OEP extraordinaria 2022, mediante proceso de estabilización do emprego temporal ao amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021:

**Listaxe de persoas admitidas definitivamente:**

Nº	Aspirantes	DNI
001	COLLAZO CORTEGOSO, GUILLERMO	***3123**
002	PORTELA SANTACLARA, RODRIGO	***1909**
003	SANTALICES BLANCO, MIGUEL EMILIO	***2714**

**Listaxe de persoas excluídas definitivamente:**

Nº	Aspirantes	DNI	Motivo exclusión
001	ABAL ROSALES, DAVID	***1423**	Non acredita o pago da taxa ou da exención desta
002	CERVIÑO LOIRA, ROSA MARIA	***1070**	Non acredita posuír a titulación requirida para concorrer ao proceso





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**CUARTO.-**O Tribunal cualificador, como órgano de selección, constituirase e procederá á valoración de méritos o vindeiro 20.12.2024 ás 10:00 horas en sesión telemática, e quedará integrado, segundo a base 7ª das bases reguladoras que resulta do art. 59 da LEPG, polos seguintes membros titulares e suplentes:

**Presidente/a:**

Titular: Ana del Río Pastoriza, Traballadora social do Concello de Bueu.  
Suplente: Sonia Cabodevila Portela, Técnica Media do Concello de Bueu.

**Secretario/a:**

Titular: Lara Otero Díaz, Secretaria Xeral do Concello de Bueu  
Suplente: María Beatriz Monroy Cardoso, Psicóloga do Concello de Bueu.

**Vogais:**

1º Titular: María Montserrat González García, Asesora Xurídica de Servizos Sociais do Concello de Bueu.

Suplente: Marina Estévez Rodríguez, Educadora do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

2º Titular: Pablo Portela Fernández, Secretario Xeral do Concello de Guitiriz.

Suplente: Mónica Caneda Bernardez, Educadora do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

3º Titular: Belarmino Barreiro Rosales, Técnico Medio de Arquivo e Documentación do Concello de Bueu.

Suplente: Milagrosa Rodríguez Veiga, Educadora do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

**QUINTO.-** Ordenar a publicación desta resolución na sede electrónica municipal (<https://bueu.sedelectronica.gal> ()) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Bueu.

**SEXTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte aos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas poderá interpoñerse:

1.- Con carácter potestativo, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo DUN MES contado a partir do día seguinte a aquel no que se publique esta resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou ata a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

2.- Recurso contencioso-administrativo, perante o correspondente Xulgado segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do día seguinte a aquel no que se publique esta resolución.

*Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo alcalde Félix Juncal Novas, do que eu, Lara Otero Díaz, dou fe como secretaria aos exclusivos efectos dos artigos 3.2.e) do RD 128/2018 e 2.1 do Decreto 24/2018.*

